



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Todas as palabras destas opcións son do xénero feminino EXCEPTO:

- A) Suor
- B) Eclipse
- C) Cárcere
- D) Orixe

2. Sinala a relación INCORRECTA de singular/plural:

- A) Mil/Miles
- B) Lapis/Lapises
- C) Proxectil/Proxectís
- D) Túnel/Túneles

3. Sinala a opción INCORRECTA:

- A) Conflito
- B) Revogar
- C) logur
- D) Brilar

4. Sinala a definición correcta de "fervenza".

- A) Febre moi alta.
- B) Adorno, bordado, grilanda.
- C) Salto de auga.
- D) Cousa fedorenta.

5. Sinala a serie de palabras correcta:

- A) Decir. Ombligo. Omoplato. Fiordo.
- B) Dicir. Ombligo. Omóplata. Fiordo.
- C) Decir. Embigo. Omóplato. Fiorde.
- D) Dicir. Embigo. Omoplata. Fiorde.

6. Indique cal dos seguintes termos NON se refire a unha parte da cabeza:

- A) Tempa
- B) Coxa
- C) Queixo
- D) Beizos

7. Sinala a opción correcta:

- A) Xusticeira.
- B) Calqueira
- C) Fiera
- D) Enxenería

8. Sinala a opción INCORRECTA:

- A) Arxila
- B) Xugular
- C) Sentinela
- D) Expremer

9. Sinala a serie de palabras correcta:

- A) Kilogramo, cuatrimestre, cuaderno, psicoanálise.
- B) Kilogramo, cuadrimestre, caderno, psicoanálise.
- C) Quilogramo, cuadrimestre, caderno, psicanálise.
- D) Quilogramo, cuatrimestre, cuaderno, psicanálise.

10. Sinala a opción correcta. A frase feita "Caer de pé" significa:

- A) Estar mal feito ou non ter sentido.
- B) Ter sorte.
- C) Dependere de alguén.
- D) Non facer nada.

Preguntas de reserva

1. Sinala a opción INCORRECTA:

- A) Móbil
- B) Vulto
- C) Covarde
- D) Boitre

2. Todas as palabras destas opcións son do xénero masculino EXCEPTO:

- A) Síndrome
- B) Ele
- C) Mel
- D) Garaxe